

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/18	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	16 de xuño de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 12:53 ata as 13:20 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario acctal. (Decreto 2022-0349)</b>	David García Lareo
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

**Aprobación da acta da sesión anterior: 09.06.2022**

**Favorable**

**Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 09 de xuño de 2022.

### Expediente 707/2022. Solicitud de Certificado de Persoal

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Dase conta do escrito presentado por MARIA JESÚS LIMIA SÁNCHEZ, Rexistro de Entrada nº 970, de data 15 de marzo de 2022, presentando reclamación previa en materia de recoñecemento de dereito (antigüedad), solicitando o recoñecemento de varios periodos anteriores a data de antigüedad que ten reconocida a día de hoxe (01-01-1999).

Visto o Certificado de Servicios Prestados emitido polo Concello.

Polo exposto, a esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1º.- Unha ha vez realizado o cálculo tal como consta na base de datos do departamento de Recursos Humanos do Concello, recoñecer a María Jesús Limia Sánchez unha data de antigüedad dende o 13 de febreiro de 1994.

2º.- Dar traslado do acordo a intervención municipal.

### Expediente 890/2022. Aprobación facturas xuño 2022.

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

D. MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire o Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, así como o artigo 185 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Ley reguladora das Facendas Locais, e demais normativa concordante,

A Xunta de Goberno Local, aprobou os gastos correspondentes ás facturas que a continuación se relacionan:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
1692295	ACQUAJET SEMAE, S. L.	COTRAS DE COOLER E BOTELLÓNS DE AUGA	73,09
22322	ALQUILERES LALIN, S.L.	MINI EXCAVADORA 1700KG KATO 10/05-10/05,GASOIL,PORTES ,10	239,58
1203	ARLIT DISEÑO E IMPRESIÓN, S. L.	Plantilla en panel composite, mecanizado en fresa. Modelo	212,96
1264	ARLIT DISEÑO E IMPRESIÓN, S. L.	Plantilla STOP en Panel composite de 3 mm, mecanizado.,Bi	532,40

1293	ARLIT DISEÑO E IMPRESIÓN, S. L.	Talonarios entradas. talonarios de 50 entradas,,Cartel En	163,35
11	ASOCIACION DE VECIÑOS A COSTA DE ABADES	SUMINISTRO DE ROSQUILLAS	170,00
221/22	AUREN ABOGADOS VIGO, S. L. P.	HONORARIOS DEFENSA LETRADA	2.347,40
A2222149	AUSARTA CONECTA, S. L.	COTA MENSUAL DE TELECOMUNICACIÓNS	17,57
LAZ2022A010175	AUTOCARES LAZARA, S.A.	25/05/2022 A las 9:45 Traslado alumn@s CEIP Bandeira a Ar	396,00
20221060038	AUTOCARES RÍAS BAIXAS, S. L.	04/06/2022 8479JLG PAVILLÓN MUNICIPAL DE SILLEDA - PAVIL	330,00
20220A000732	AUTOS SILLEDA, S. L.	REPARACIÓN VEHÍCULOS	384,77
AC02022024	BASA DISEÑO Y CONSTRUCCIÓN, S. L.	Memoria adaptada a la convocatoria PIREP para el proyecto	2.904,00
202228	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	PROXECTO DIDACTICO ARQUEOCAMPO.A VERDADE ESTA NO FONDO TR	1.947,00
28/2022	CACHAFEIRO LÓPEZ , FRANCISCO	TRABALLOS DE ELECTRICIDADE	196,93
05	CANGAS SALGUEIRO , ANDRÉS	TRABALLOS PISTA DE PETANCA EN BANDEIRA	544,50
2208600050496	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC13391 20220401 20220430 T	224,39
2208600042881	CANON ESPAÑA, S. A. U.	CANON RENT M_IRADVC5550I XVC14096 20220401 20220430 U	595,44
2208600051414	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 127512 130253 M_IRADVC5550I XVC14	322,40
2208600021284	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 126078 129557 M_IRADVC5550I XVC13	161,68
2208600033952	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 129557 133634 M_IRADVC5550I XVC13	163,04
2208600042482	CANON ESPAÑA, S. A. U.	Total Small Color (123) 133634 136677 M_IRADVC5550I XVC13	120,76
22/32	CARPINTERÍA CUIÑA C.B.	BARROTOS PARA BANCOS	1.452,00
22/34	CARPINTERÍA CUIÑA C.B.	BANCO PARA CEIP BANDEIRA	108,90
22/35	CARPINTERÍA CUIÑA C.B.	REPARACIÓN REMOLQUE	442,86
10/63570	CODROGA, S.L.	PRODUCTOS DE LIMPEZA	513,85
10/63420	CODROGA, S.L.	PRODUCTOS DE LIMPEZA	308,55
10/63739	CODROGA, S.L.	PRODUCTOS DE LIMPEZA	514,25
10/63873	CODROGA, S.L.	PRODUCTOS DE LIMPEZA	553,74
F8/220055	CONDADO TOUR, S. L.	SERVIZO AUTOCAR ENCONTROS CARBOEIRO	440,00
Emit-1316	CONTALOCAL S.L.	Licencia Anti-spam para servidor web, anual	244,42

Emit-1317	CONTALOCAL S.L.	Servidor privado virtual administrado con 20 GB	568,70
Emit-1322	CONTALOCAL S.L.	ORDENADOR PC PHOENIX TOPVALUE A22 INTEL CORE 1 430,30 430	520,66
Emit-1326	CONTALOCAL S.L.	Mecanización de operacións do programa de contabilidade d	4.356,00
06B-0106	COREGAL PARQUES E XARDINS S.L.	MANTENIMIENTO PARQUES E XARDINS CONCELLO DE SILLEDA MAYO	4.295,50
L 22001638	CORPORACIÓN LABER LABORATORIO Y CONSULTORÍA, S. L.	AGUA CONTROL DE RED BANDEIRA,CONTROLDE AGUA DE RED SILLED	1.010,79
011220800	DIGAMEL S.A.	MATERIAL ELECTRICIDADE	66,79
0220014640	DISANFA S.L.	BITTER KAS PK6*200	20,03
0220014559	DISANFA S.L.	COCA COLA LATA 330 PACK,COCA COLA ZERO LATA 330 PACK,KAS	405,82
222204	DROGA CONDE, S. A.	PRODUCTOS SERVIZO DE AUGAS	879,07
SD3	EDICIONES BOLANDA, S. L.	OS BOLECHAS. XOGAN AO PIMPON,OS BOLECHAS. BOUZA BREY,OS B	56,00
2022501	EDICIONES CABO NORTE, S. L.	O LOBO FELIZ	19,00
22IF000048	EDICIONS XERAIS DE GALICIA S.A.	Capitán Lentella. Aventura a todo gas,Cando leo,Gaivota g	149,15
EF-220020	EDITORIAL GALAXIA S.A.	MAÑA VEN MEU TIO,FORTUNATO QUERE IR A LUA,CANDO SUSO FOI	214,46
2022/030	ELECTRICIDAD ARTEAGA GRES, S. L.	MATERIAL ELECTRICIDADE E MANTEMENTO	2.976,60
L29	FAUSTO DESEÑO ASOCIADOS, S. L.	Astro-Rato e Lampadiña 5	12,00
0001/B	FERNANDEZ LOPEZ , IVAN	TORTILLAS	412,50
002/2022	FERNÁNDEZ LÓPEZ , LAURA MARÍA	AUGAS PARA CARREIRA SAN SILVESTRE	24,50
A/192	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	PANEL CONTROL PISCINA BANDEIRA	4.178,13
A/193	FERRETERÍA BANDEIRA, S. L.	PANEL CONTROL PISCINA SILLED	4.178,13
294/22	FERRETERIA VALIÑO, S. L.	MATERIAIS SUMINISTRADOS	832,52
2784	FONDEVILA GARCÍA , JUAN RAMÓN	SUMINISTROS PARADA	436,70
R2022-82	FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE	Cota 2022 do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	732,41
30/2022	FUERTE CASAL , LIDIA	CURSOS FORMACIÓN LINGUA GALEGA - PROGRAMA ANDURIÑA	720,00
000026	FUNDACIÓN DO CAMPO	PUNTO DE INFORMACIÓN	1.000,00

### Concello de Silleda

	GALEGO	TURÍSTICA MAIO	
C097/2022	GARCÍA GARCÍA , ANA MARÍA	PREMIO CONCURSO SILLEDA FAI NADAL	175,00
P1220490004 18522	GAS NATURAL REDES GLP, S. A.	GAS EDIFICIO MUNICIPAL	8,53
02	GÓMEZ IGLESIAS , JOSÉ MANUEL	36 Chapas translúcidas brancas de 2m,30 Chapas de fachada	11.253,00
2022039	GÓMEZ MOREIRA , JOSÉ ANTONIO	CAIXAS ALUOMIÑOS EN GALEGO. NORMALIZACIÓN LIGÚSTICA	386,60
2022040	GÓMEZ MOREIRA , JOSÉ ANTONIO	TAZAS CERÁMICAS IMPRESAS DÍA DAS LETRAS GALEGAS	254,43
2022044	GÓMEZ MOREIRA , JOSÉ ANTONIO	LONA DÍA DAS LETRAS GALEGAS	286,77
29	GONZÁLEZ RAMOS , JAVIER	ARRANXO SISTEMA DE SON CENTRO SOCIAL	300,00
A 33	GRANJA REBOREDO , MELISSA	MATERIAL PARA O CLEXIO DA BANDEIRA	6,00
A 34	GRANJA REBOREDO , MELISSA	LIBRO PROGRAMA MI PUEBLO LEE	22,00
F/0058	GRUAS SILLEDA S.L.	TRABALLOS CON PLUMA E CESTA	96,80
N22713	HÉRCULES EDICIONES, S. L.	BOS DIAS, AVOA,CAMIÑO PORTUGUES DA COSTA,MAMA VIVE EN MIN	88,50
F22944	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	MANO DE OBRA,----- -----	36,30
F221124	HERMANOS VILLAR A.U., S.L.	TORNILLO 16x105 12.9.,TUERCA AUTO M16/200,CUCHILLA " D "	288,28
Emit-1722	IBUPROFENO TEATRO, S. L.	Furción do espectáculo 'O mel non caduca' no Auditorio M	1.452,00
0022/0000001	IGLESIAS IGLESIAS YOLANDA, S. L. N. E.	BOTAS PARA POLICÍA LOCAL	650,01
3/2022	IGLESIAS SANDÁ , JOSEFA	PREMIO ROMERÍA ROSQUILLA DE ABADES	49,99
6/2022	IGLESIAS SANDÁ , JOSEFA	PREMIO FESTA DA ROSQUILLA	29,99
32205671	LEREZ EDICIONES, S. L.	DIARIO DE PONTEVEDRA ED. 1 DEL 18/05/22 AL 17/05/23 - RUA	343,56
20221920221 9	MÁIS DESEÑO SILLEDA, S. L.	COLABORACION NA REVISTA DE SILLEDA ENTRE NOS Nº 15	1.500,00
6	MATO LUACES. LIDESIL , MANUEL ÁNGEL	LIMPEZA INSTALACIÓNS	711,48
Emit-147	MIBASA. MINAS DE BANDEIRA, S.A.	ARENA 0/6 DE ANF,CACHOTE DE ANF POR N/C A BREIXA,ZAHORRA	7.201,21
119	MOSQUERA LOPEZ , JULIO	REPARACIÓN MAQUINARIA	485,94
SM178	MÚSICOS AO VIVO, S COOP. GALEGA	SERVIZOS MUSICAIS ACTUACIÓN MÚSICAL DE "ÁLVARO IGLESIAS	2.250,60
0282-22	NÚÑEZ FIUZA , MANUEL	PUBLICIDADE EL PERIÓDICO	363,00

22003	ORIHUELA CONDE , DAVID	O ANIVERSARIO DO GATO CHIKI,SAMAIN, A ORIXE	35,00
018	PADULLES ESTÉVEZ, ESTEFANÍA	OBRADOIRO PROGRAMA "LER CONTA MOITO"	300,00
C3	PARQUE 7, S. L.	SEGUROS AXA POLIZA 36275066 - MATRICULA 6376-CYP	72,38
876	PARQUE 7, S. L.	SERVICIO LABORAL	302,50
339	PÉREZ FERNÁNDEZ , CRISTINA	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	29,38
220	PÉREZ FERNÁNDEZ , CRISTINA	MATERIAL MANTEMENTO	99,80
08/22	PORTAS ULLOA , RAISPORT. RAIMUNDO	2º PREMIO FESTA DA ROSQUILLA	75,00
10/22	PORTAS ULLOA , RAISPORT. RAIMUNDO	PREMIO CONCURSO SILLEDA FAI NADAL	25,00
56262022680 00363	PROBISA. PRODUCTOS BITUMINOSOS, S. L. U.	MEZCLA BITUMINOSA EN FRIO SILICEA F,MEZCLA BITUMINOSA EN	1.749,62
F002807	PROINDEX, S. L.	SCOTT ESSENTIAL PAQ.6 REF. 6695 paquete,DISPENSADOR AQUAR	91,79
F003073	PROINDEX, S. L.	SCOTT ESSENTIAL PAQ.6 REF. 6695 paquete,PAPEL HIG. TIPO Z	678,66
F003074	PROINDEX, S. L.	GEL EN ESPUMA USO GENERAL 1 L. 6340 C/6 caja	119,48
A 2022/07062	PROTESE, S. L.	ALARMA GALIZA AZUL	278,30
22FNX00858 38	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	TAD Diputación de Pontevedra - Servicio de Teleasistencia	258,04
22FNX011026 8	QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S. A. U.	TAD Diputación de Pontevedra - Servicio de Teleasistencia	258,87
F220361	R2 INNOVACIÓN CCOP. V.	CONTRATO MENOR. Asesoramiento y Captación de Fondos Europ	6.050,00
B/5.011	RECAMBIOS CAMPAZA, S. L.	MATERIAL MANTEMENTO	109,70
1183	RIÁDIGOS CARDIGONDE , BELÉN	SERVIZOS PRESTADOS CENTRO SOCIAL	56,00
A86	SÁNCHEZ VARELA. XOIERIA EULOGIO , JUAN JOSÉ	AGASALLO DEZARTE	750,00
2022-11	SOBRADO CONDE , REBECA	TALLER DE MUSICOTERAPIA XERONTOLOXICA. CONCELLERIA DE BEN	1.732,50
4003402821	SOCIEDAD ESTATAL DE CORREOS Y TELEGRAF SA	Carta Certificada Jd GE 51 -100 gr D2(RESTO) G-0, Carta Ce	219,40
2022/1163	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	Tratamento RU Mes Abril 2022, Bonificación	15.918,13
2022/1386	SOGAMA. SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIEN	Tratamento RU Mes Maio 2022, Bonificación	16.635,56
22B/0000071	SOLAREL, S. L.	MATERIAL ELECTRICIDADE	2.314,62

22/1042A	SOLAREL, S. L.	SERVIZO CAMIÓN GRUA	296,45
F06000R-28942	SONEPAR IBÉRICA SPAIN, S-A- U-	CEBADOR Ecoclick S10 4-65W SIN 220-240V WH,TUBO FLUO.T8 M	385,31
A/3543	SUCESORES COUTO, S. L.	MATERIAL OBRAS	1.388,84
155C	TABOADA BLANCO , ALBERTO	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	177,63
276C	TABOADA BLANCO , ALBERTO	MATERIAL SERVIZO DE AUGAS	1.144,02
48	TALLER OTERO, S. C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	353,32
72	TALLER OTERO, S. C.	REPARACIÓN MAQUINARIA	845,39
22 000496	TARIMAS DEZA, S.L.	MATERIAL CENRO SOCIAL DE CIRA	95,95
22 000467	TARIMAS DEZA, S.L.	MATERIAL PARA CENTRO SOCIAL CIRA	1.806,97
0162201622	TECNICAS & GRAMAXE, S. L.	LIBRO OS BALBINOS. CAMIÑO INGLÉS,LIBRO OS BALBINOS. CAMIÑO	40,00
c2200306	TOCA SALGADO, S. L.	CAMBIO CISTERNA 12 M3,LODOS DE DEPURADORA URBANA,CAMBIO C	3.490,98
C2200398	TOCA SALGADO, S. L.	05/05 CAMBIO CISTERNA 12 M3,02/05 LODOS DEPURADORA URBANA	4.941,77
Emit-220025	TRIQUETA VERDE, S. L. U.	A GRAN TRIBO	15,95
59	VANESA IGLESIAS CASAL	MARCOS FEITOS A MAN	164,56
Emit-9	VILLANUEVA CANDA , ANGEL	CONCEXALÍA DE SERVIZOS DO CONCELLO DE SILLED A, OBRA: CENT	1.270,50
010	VILLANUEVA CANDA , ANGEL	PINTURA CENTRO CULTURAL DE SAN FIZ	3.281,52
F-22028	WE-TEC ESTUDIO TÉCNICO, S. L. P.	Proyecto de instalaciones para reforma interior y nueva e	3.418,25
Emit-2022-82	XURDIR, S. L.	Colaboración co documental "Silleda ao son da Terra" sobr	6.050,00
<b>TOTAL</b>			<b>150.258,42</b>

### Expediente 722/2022. Proposta de Gasto

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

DON MANUEL CUIÑA FERNANDEZ, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLED A, en virtude das atribucións que me confire o artigo 21.1, s) da Lei de Bases do Réxime Local,

O artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local ven establecer baixo o epígrafe "De la omisión de la función interventora" un sistema que presenta elementos comúns con co

### Concello de Silleda

establecido nos artigos 26.2.b) e 60.5 do RD 500/90, que regulan o recoñecemento extraxudicial de créditos e os sistemas de convalidación de gastos autonómico e estatal.

O punto de partida é , de acordo co apartado primeiro:

“En los supuestos en los que, con arreglo a lo dispuesto en este Reglamento, la función interventora fuera preceptiva y se hubiese omitido, no se podrá reconocer la obligación, ni tramitar el pago, ni intervenir favorablemente estas actuaciones hasta que se conozca y resuelva dicha omisión en los términos previstos en el presente artículo”

Tal é o caso das seguintes facturas, das que consta a realización do servizo por prezo axeitado a mercado:

Núm. Documento	Nom terceiro	Descrición	Importe
202229	BORRAGEROS LÓPEZ , XESÚS	SERVIZO ATENCION PUBLICO MOSTEIRO CARBOEIRO	1.724,25
B22079	COESCO, S. L. U.	SERVIZO DO PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTR	4.033,80
FE2213700795832 7	COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS & POWER, S. A.	Importe por peajes de transporte y distribución y cargos - MARZO	11.689,84
Emit-1310	CONTALOCAL S.L.	Mantenimiento informatico, contable y web mayo	868,38
30	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	MATERIAL EDAR SILLEDA	3.666,30
34	CORNOVA INGENIERÍA DE AGUAS, S. L.	ASISTENCIA TÉCNICA EDAR	1.385,62
022022/02/86	ECOCOMPUTER, S. L.	2203000020 - ACTAIS TA- Servicio integral control horario	358,57
2200281	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE SERVICIO DE AUGAS	202,16
2200262	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	4.040,96
2200266	ESTACION DE SERVICIO DE SILLEDA	COMBUSTIBLE VEHÍCULOS MUNICIPAIS	2.699,82
ABRIL 2022	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURACIÓN MES DE ABRIL	53.711,13
C2022000043	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	DEREITOS DE ENGANCHE	517,41
F2022019366	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURACIÓN ETAP BANDEIRA	95,09
F2022020830	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA	FACTRUA BOMBEO RÍO TOXA ABRIL	239,65



	COMERCIALIZADORA, S. L.		
F2022019664	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA CLORADOR ABRIL	8,43
F2022019499	HIDROELÉCTRICA DE SILLEDA COMERCIALIZADORA, S. L.	FACTURA ETAP SILLEDA ABRIL	184,34
R31000575456	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581701 solución empresa,986180305 llamadas Galicia,9	91,46
R31000575463	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580064 solución empresa NOBA,986580064 llamadas Gali	72,60
R31000575470	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585550 llamadas Galicia,986585550 llamadas a fijo naci	53,40
R31000575471	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986585838 solución empresa,986585838 acceso internet	61,71
R31000575392	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986580000 solución empresa NOBA,20411054 plan interne	726,11
R31000575400	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	986581028 solución empresa NOBA,986581028 llamadas a mó	122,84
R31000575443	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20345077 línea 10 megas,986592037 solución empresa,98	243,65
R31000575448	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20554793 plan internet 10GB,986592004 mambo,986592004	120,26
R31000575382	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	20355572 línea 10 megas,20537807 plan internet 10GB,2	103,24
R31000578914	R CABLE Y TELECABLE TELECOMUNICACIONES, S. A. U.	cable 350 megas	66,55
TA6UX0021002	TELEFONICA DE ESPAÑA S.A.U.	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986528449 - Per	103,38
28-F2M0-095425	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - Nº de líneas:	15,88
28-F2M0-000415	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - Nº de líneas:	758,51
28-F2M0-063501	TELEFONICA MOVILES ESPAÑA S.A.	Movistar - Tipo de contrato: Básico Móvil - Nº de líneas:	27,83
42 3643	ULLA OIL S.L.	GASÓLEO CALEFACCIÓN CENTRO MÉDICO BANDEIRA	1.370,00

### Concello de Silleda

1000338V2200026	URBASER, S. A.	Factura emitida polos servicios de recollida e transporte	15.748,24
1000338V2200028	URBASER, S. A.	Factura emitida polos servicios de recollida a domicilio	1.375,00
1000338V2200027	URBASER, S. A.	Factura emitida polos servicios de recollida a domicilio	1.100,00
1000338V2200030	URBASER, S. A.	Factura por recollidas no PUNTO LIMPIO MUNICIPAL de Sil	2.496,89
1000338V2100013	URBASER, S. A.	Factura emitida polos servicios de recollida a domicilio	1.100,00
FACTVENTAFVR2 02218010275	VEOLIA SERVICIOS NORTE, S. A. U.	Explotación de la red de calor en Guadería de Silleda - P	991,52
			112.174,82

Visto o informe de intervención nº 65 relativo a ditas facturas e e co obxecto de evitalo enriquecemento inxusto que se produciría se dos incumprimentos do propio Concello se derivase o impago de traballos efectivamente realizados en beneficio e interese do mesmo

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local ACORDA:

Aprobar a continuidade do procedemento, nos termos do artigo 28 do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno das entidades do Sector Público Local, procedendo ao recoñecemento das obrigas recollidas na parte expositiva.

**Expediente 609/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. BASES PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOCENTES E EDUCADORES AMBIENTAIS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DEZA CIRCULAR COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 609/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de

xuño de 2022.

**Expediente 609/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. BASES PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOCENTES E EDUCADORES AMBIENTAIS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DEZA CIRCULAR COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.**

Visto que a Fundación Biodiversidad FSP ven de adxudicar ó Concello de Silleda unha subvención na convocatoria aprobada por resolución do 10 de xuño de 2021 da Dirección da Fundación Biodiversidad FSP, para proxectos de apoio a persoas desempregadas no exercicio 2021, no marco do Programa Empleaverde, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

Visto que o Concello de Silleda participa no Eixo Innova do Bloque temático Empleaverde, co proxecto que leva por título Deza Circular, co seguinte obxectivo xeral: capacitar e orientar a persoas desempregadas en servizos innovadores e accións destinadas a crear oportunidade no ámbito da economía forestal circular e no aproveitamento turístico sostible dos espazos naturais do municipio de Silleda.

Vista a necesidade de seleccionar ó persoal laboral temporal para impartir as accións de formación incluídas na execución do Proxecto Deza Circular, para o Concello de Silleda.

Visto que o Artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, permite a contratación de persoal laboral temporal en calquera das modalidades previstas na lexislación laboral.

Visto que a última reforma laboral, no Artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, contempla unicamente dúas modalidades de contrato de duración determinada: por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora.

Vistos que os Artigos 9, 26 e 27 da Lei de emprego público de Galicia, permiten a contratación de persoal laboral temporal ó servizo das administracións públicas, que se rexerá pola lexislación laboral e as normas convencionalmente aplicables, en calquera das modalidades de contratación prevista na normativa laboral.

Visto que os postos de traballo que se pretende contratar non están reservados a persoal funcionario.

Visto que o artigo 26.3 da Lei de Emprego Público de Galicia dispón que poden ser desempeñados por persoal laboral, os postos de natureza non permanente e aqueles que impliquen actividades que se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo.

Visto que para a execución dos proxectos con fondos europeos, a Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, prevé a posibilidade de que as entidades que integran o sector público subscriban contratos de duración determinada para a execución de programas de carácter temporal cuxa financiación proveña de fondos da Unión Europea e que estes contratos realizaranse de acordo cos principios

constitucionais de igualdade, mérito e capacidade

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

**Primeiro.-** Aprobar AS BASES PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOCENTES E EDUCADORES AMBIENTAIS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DEZA CIRCULAR COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.

**Segundo.-** : Convocar o presente proceso de selección podendo presentarse as correspondentes instancias para a participación no prazo de 5 días hábiles dende a publicación do presente anuncio no BOP e nas formas e lugares establecidos nas bases

**Terceiro.-** Publicar o anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, e as bases íntegras no Taboleiro de Edictos e na sede electrónica do Concello de Silleda para a súa axeitada difusión, así como dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

Anexo

**BASES E CONVOCATORIA PARA A CREACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOCENTES E EDUCADORES AMBIENTAIS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DEZA CIRCULAR COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO.**

#### **PRIMEIRA.- ANTECEDENTES E LEXISLACIÓN APLICABLE**

A Fundación Biodiversidad FSP ven de adxudicar ó Concello de Silleda unha subvención na convocatoria aprobada por resolución do 10 de xuño de 2021 da Dirección da Fundación Biodiversidad FSP, para proxectos de apoio a persoas desempregadas no exercicio 2021, no marco do Programa Empleaverde, cofinanciado polo Fondo Social Europeo.

O Concello de Silleda participa no Eixo Innova do Bloque temático Empleaverde, co proxecto que leva por título Deza Circular, co seguinte obxectivo xeral: capacitar e orientar a persoas desempregadas en servizos innovadores e accións destinadas a crear oportunidade no ámbito da economía forestal circular e no aproveitamento turístico sostible dos espazos naturais do municipio de Silleda.

O obxecto da presente convocatoria é seleccionar ó persoal laboral temporal para impartir as accións de formación incluídas na execución do Proxecto Deza Circular, para o Concello de Silleda.

O Artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, permite a contratación de persoal laboral temporal en calquera das modalidades previstas na lexislación laboral.

Coa última reforma laboral, o Artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, contempla unicamente dúas modalidades de contrato de duración determinada: por circunstancias da produción ou por substitución da persoa traballadora.

Así mesmo, os Artigos 9, 26 e 27 da Lei de emprego público de Galicia permiten a contratación de persoal laboral temporal ó servizo das administracións públicas, que se rexerá pola lexislación laboral e as normas convencionalmente aplicables, en calquera das modalidades de contratación prevista na normativa laboral.

Os postos de traballo ós que se refire a presente convocatoria non están reservados a persoal funcionario. O artigo 26.3 da Lei de Emprego Público de Galicia dispón que poden ser desempeñados por persoal laboral, os postos de natureza non permanente e aqueles que impliquen actividades que se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo.

Para a execución dos proxectos con fondos europeos, a Disposición Adicional Quinta do Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, prevé a posibilidade de que as entidades que integran o sector público subscriban contratos de duración determinada para a execución de programas de carácter temporal cuxa financiación proveña de fondos da Unión Europea. Estes contratos realizaranse de acordo cos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade.

No presente proceso selectivo será de aplicación, no que corresponda, a seguinte lexislación:

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP).
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Real Decreto-Lei 32/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, pola que se regulan as Bases Reguladoras do Réxime Local.
- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública
- Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ó servizo da Administración xeral do Estado.
- Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen o regulamento básico e os programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións

Públicas.

- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

## **SEGUNDA.- OBXECTO**

O obxecto das presentes bases é regular o proceso de selección dun docente e un educador ambiental, como persoal laboral temporal, para a execución do proxecto Deza Circular no marco do Programa Empleaverde, co financiado polo Fondo Social Europeo, creándose unha bolsa de emprego da que formarán parte aquelas persoas aspirantes que non sexan seleccionados, co fin de cubrir futuras necesidades dentro do mesmo programa.

Os postos que se necesitan cubrir son os seguintes:

**1) Docente para impartir Cursos de Formación** adaptados do certificado de profesionalidade AGAR 0209 Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais.

Duración: 360hs teórico-prácticas a impartir nun período de 3 meses. Reparto de horas/ Horario/  
**Xornada: 6hs de formación teórico-práctica, 5 días á semana. Previsión da contratación: meses de Xullo, Agosto, Setembro, Outubro, Novembro e Decembro**

Funcións:

- Impartir 4 módulos específicos adaptados do certificado de profesionalidade AGAR 0209 Actividades auxiliares en aproveitamentos forestais cos seguintes contidos mínimos:

- UD1: Xestión forestal sostible. Principios básicos.

- UD2: Traballos auxiliares en aproveitamentos madeireiros sostibles.

- UD3: Actividades auxiliares en tratamentos silvícolas respectuosos co medio.

- UD4: Actividades auxiliares no control de axentes causantes de pragas e enfermidades ás especies forestais.

- UD5: Operacións de desbroce.

- UD6: Actividades auxiliares de repoboación, corrección hidrolóxica e de construción e mantemento de infraestruturas forestais destinadas á explotación turística e ó mantemento de ecosistemas autóctonos.

- Impartir e coordinar os módulos de prácticas asociados á formación teórica en colaboración co perfil de educador/a ambiental tendo en conta as posteriores actuacións formativas do proxecto a través da práctica nos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 "ZEC ES1140001. Sistema fluvial Ulla-Deza" e "ZEC ES1140008 Brañas de Xestoso".

**2) Educador/a ambiental para impartir as prácticas dos cursos de formación e a acción**

### **formativa “Deza Recupera”.**

Duración: 40hs supervisión de prácticas (horario a acordar e coordinar co/a docente da formación) + 50 hs da acción Deza Recupera (a executar no período dun mes, con horario a acordar na formalización do contrato).

#### Funcións:

- Coordinación e execución das actividades prácticas dos cursos de formación do proxecto Deza Circular, en colaboración co docente ó cargo.
- Coordinación e execución da acción Deza Recupera dentro do proxecto Deza Circular: 50 horas de formación práctica nos espazos protexidos pola Rede Natura 2000 "ZEC ES1140001. Sistema fluvial Ulla-Deza" y "ZEC ES1140008 Brañas de Xestoso" consistentes en:
  - Limpeza e inventario forestal, eliminación de elementos contaminantes (residuos e flora exótica invasora), interpretación ambiental, reparación e instalación de sinalética e dispositivos interpretativos e mellora da accesibilidade (ramplas, pasarelas, vallas...).
  - Limpeza forestal, inventario florístico e ornitológico, eliminación de elementos contaminantes (residuos e flora exótica invasora), interpretación ambiental, reparación e instalación de sinalética e dispositivos interpretativos, mellora da accesibilidade (ramplas, pasarelas, vallas...) e instalación de elementos para observación ornitológica.
- Metodoloxía: Aprendizaxe-servizo.

A data previsible de inicio para ámbalas dúas contratacións será o 15 de Xullo, e a data de finalización previsible o 31 de decembro.

O Concello de Silleda formalizará por escrito no modelo oficial correspondente os contratos do persoal do proxecto que fora seleccionado y que figure como tal nas actas do tribunal de selección. A modalidade será un contrato de duración determinada para a execución de proxectos con fondos europeos.

As retribucións brutas mensuais por persoa serán:

**Salario bruto(base cotización): 1.417,97 €**

**Grupo de Cotización: 2**

### **TERCEIRA- REQUISITOS QUE DEBEN REUNIR OU CUMPRIR AS PERSONAS ASPIRANTES**

Para ser admitido/a ás probas obxecto de este proceso selectivo, as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, que deberán cumprirse no último día do prazo de presentación das instancias y manterse no momento da súa posible contratación:

- Ter nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Texto Refundido da Lei do

Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro.

- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban en el caso do persoal laboral, do que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Non concorrer ningunha outra causa de incapacidade para o acceso á condición de empregado público, nos termos marcados polas respectivas disposicións legais.
- Estar en posesión do Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA) nivel 4. No caso de non contar con este certificado será preciso realizar unha proba de nivel da lingua galega, esta será de carácter eliminatorio. Celebrarase antes do Concurso.
- Cumprir os seguintes requisitos específicos:

o Para o posto de **Docente para impartir Cursos de Formación**: posuír, como mínimo a seguinte titulación Técnico/a Superior o Certificado de profesionalidade de nivel 2 e 3 da familia profesional de agraria ou forestal e ter experiencia profesional demostrable de un mínimo de 1 ano no sector.

o Para o posto de **Educador/a ambiental**. Posuír, como mínimo, a titulación de Técnico/a Superior en educación e control ambiental, con polo menos 3 anos de experiencia no sector.

#### **CUARTA.- INSTANCIAS, ADMISIÓN DE ASPIRANTES, PUBLICIDADE E DATA DE REALIZACIÓN DAS PRUEBAS SELECTIVAS.**

As instancias para participar da presente convocatoria deberán presentarse no Rexistro Xeral do CONCELLO DE SILLEDA, en horario de atención ó público, ou na sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal>, ou de calquera das restantes formas que determina a Lei 39/2015, de 1 de outubro, e dirixirse ó Sr. Alcalde Presidente do Excmo. CONCELLO DE SILLEDA, solicitando a admisión á mesma, con manifestación expresa de que se reúnen todos e cada un dos requisitos esixidos pola base Terceira e que se aceptan en tódolos seus termos as presentes Bases.

As solicitudes deberán axustarse ó modelo oficial Anexo I.

A presentación de instancias deberá efectuarse durante un **prazo de CINCO (5) DÍAS HÁBILES**,



a contar dende o seguinte á publicación, en extracto, destas Bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Así mesmo, as presentes bases publicaranse integramente no Taboleiro de Edictos da páxina web do Concello e da sede electrónica <https://silleda.sedelectronica.gal>,

Finalizado o prazo de presentación de instancias, farase pública no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica deste Concello a lista provisional aprobada de persoas aspirantes admitidas e excluídas, concedéndose un prazo de cinco días naturais para presentar reclamacións ou subsanar deficiencias.

Subsanadas ou non as deficiencias das solicitudes, e, examinadas no seu caso as reclamacións presentadas en prazo, resolverase definitivamente pola Alcaldía sobre todo isto, e farase pública a relación definitiva de admitidos e excluídos.

A convocatoria de inicio do proceso selectivo, a admisión e exclusión de aspirantes, a composición do órgano de selección e dos sucesivos anuncios do Órgano de Selección que resolan esta convocatoria ata finalizar o proceso de selección, publicaranse no Taboleiro de Edictos da páxina web e de la sede electrónica del Concello.

Coa publicación da lista provisional de admitidos, indicárase a composición do Tribunal, e se non se presenta recusación contra calquera do seus membros, nese caso, tería que resolverse expresamente sobre iso de conformidade co previsto na Lei 39/2015, procederá a publicarse polos medios establecidos o lugar, a data e a hora da baremación dos méritos, ó tempo que se publicaría a lista das persoas aspirantes definitivamente admitidas ó proceso.

#### **QUINTA.- DEREITOS DE EXAMEN.**

Non procede a aplicación de taxa algunha.

#### **SEXTA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

No prazo estipulado para a presentación de instancias previsto na Base Cuarta, e acompañando a solicitude de admisión, as persoas aspirantes deberán presentar obrigatoriamente a copia dos seguintes documentos:

- a) Fotocopia do D.N.I. ou tarxeta acreditativa da súa identidade.
- b) Una relación dos méritos que queren que sexan valorados na fase de concurso con copia dos xustificantes que consideren oportunos para a súa acreditación:
  - Certificado de vida laboral actualizada con data posterior á publicación de estas bases.
  - Experiencia: copia dos contratos ou nómina onde figure a categoría profesional ou certificados expedidos por organismos oficiais ou outros documentos oficiais que reflexen claramente o posto desempeñado, a categoría e a duración da relación laboral.

- Experiencia por conta propia (traballadores autónomos): xustificante de alta en actividades económicas (modelo 036/037), facturas ou contratos onde consten os servizos prestados e xustificante de pago.

- Titulacións: copia dos títulos ou certificado da entidade outorgante.

Solo se admitirán como válidos os méritos documentalmente xustificados e presentados xunto coa instancia.

c) Copia do Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA) nivel 3 ou superior, ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia.

No caso de non presentarse a acreditación formal dalgún mérito que conste alegado, a administración procederá ao seu requirimento de conformidade co disposto no artigo 68.1 da Lei 39/2015. No caso de presentar esta documentación fora de prazo concedido será admitida pola Administración en tanto non emitise resolución de desistimento, e non se altere o resultado das probas selectivas respecto da situación consolidada dos demais que no verán modificado o resultado por esta resolución. En todo caso, non procederá a súa valoración se non fose presentada antes da data da sesión de valoración do concurso.

#### **SÉTIMA.- COMPOSICIÓN DO ÓRGANO DE SELECCIÓN.**

O órgano de selección estará integrado por cinco membros nomeados pola Alcaldía, cos seus suplentes.

O órgano de selección será colexiado e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros e tenderá, así mesmo, á paridade entre muller e home.

Publicarase no Taboleiro de Edictos da páxina web e da sede electrónica do CONCELLO DE SILLEDA e estará constituído como segue:

Todas as persoas integrantes do Tribunal deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso que requira dunha titulación de nivel igual ou superior ó esixido para participar no proceso selectivo e todas terán voz e voto:

-Presidente/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo de calquera das Administracións públicas.

-Vocal: Tres funcionarios/as ou persoal laboral fixo de calquera das administracións públicas.

-Secretario/a: Un/ha funcionario/a ou persoal laboral fixo de calquera das administracións públicas.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén. Os órganos de selección actúan con plena autonomía no exercicio da súa discrecionalidade técnica e os seus membros son persoalmente responsables

da transparencia e obxectividade do procedemento, a confidencialidade das probas e do estricto cumprimento das bases da convocatoria e dos prazos establecidos para o desenvolvemento do proceso selectivo.

Todos eles deberán cumprir cos principios de imparcialidade, profesionalidade e especialidade inspiradores do Estatuto Básico do Empregado Público, e deberán absterse nos casos previstos pola Lei 39/2015. Así mesmo poderán ser recusados nos supostos regulados na mesma Lei.

Cada proposta de nomeamento do titular implicará tamén a designación dun Suplente cos mesmos requisitos e condicións.

O órgano de selección non poderá constituírse nin actuar sen a presenza da maioría absoluta dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. As decisións adoptaranse por maioría e as súas actuacións terán o carácter de órgano de colexiado, levantándose acta de tódalas reunións que se manteñan. As decisións adoptaranse por maioría de votos, resolvendo os empates co voto de calidade do Presidente do Tribunal.

A Alcaldía poderá designar asesores especialistas para asistir ó Tribunal, sen que en ningún caso teñan facultades de cualificación e resolución, se non de colaboración e proposta. O seu nomeamento, no seu caso, deberá facerse público xunto co do Tribunal.

O Tribunal resolverá as dúbidas que poidan xurdir da aplicación das bases, podendo tomar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases, sempre con respecto á lexislación vixente nesta materia.

#### **OITAVA. PROBA DE GALEGO.**

As persoas aspirantes que non presenten o documento acreditativo do coñecemento da lingua galega deberán realizar unha proba.

Esta proba que acreditará o coñecemento da lingua galega consistirá nunha tradución dun texto proposto polo tribunal.

O tempo do que dispoñerán os participantes será de 20 min.

O Tribunal publicará a hora e lugar da proba de galego

#### **NOVENA. PROCESO DE SELECCIÓN**

**O procedemento de selección será o CONCURSO:**

A puntuación máxima alcanzable será de 14 puntos.

A nota final obterase sumando a nota obtida na fase de concurso, e a obtida na entrevista persoal.

No suposto de empate nas puntuacións de dúas ou máis persoas aspirantes, resolverase o empate polos seguintes criterios:

- Puntuación acadada na fase de concurso.
- Puntuación outorgada á experiencia nos méritos presentados na fase de concurso.
- En último lugar, mediante sorteo público entre as persoas implicadas.

### **FASE DE CONCURSO (máximo 11,5 puntos)**

Consistirá na valoración dos méritos debidamente acreditados polas persoas aspirantes, de conformidade co seguinte baremo:

#### **1. Experiencia profesional (máximo de 5 puntos):**

Valorarase, cun máximo de 5 puntos, a experiencia profesional vinculada ás funcións a levar a cabo, a partir do mínimo establecido para acceder á convocatoria (3 anos):

a) Por experiencia profesional na Administración Pública en tarefas directamente relacionadas co posto: 0,25 puntos por mes traballado. Se a experiencia é na Administración Local: 0,40 puntos por mes traballado.

b) Por experiencia profesional no sector privado, por conta propia ou para empresas privadas: - 0,15 puntos por mes traballado. Os servizos ou actuacións nos que o cliente ou contratista teña sido unha Administración pública puntuaranse, durante ese período, polo baremo anterior da letra a), sempre que estea acreditado o encargo e a factura polo ente público.

Os servizos prestados a centros de formación públicos ou universidades públicas puntuaranse a razón de 0,20 puntos por mes traballado.

A experiencia previa de 3 anos imputarase ó período con maior antigüidade no tempo.

Non se computarán os períodos inferiores a un mes. A experiencia deberá acreditarse, obrigatoriamente, mediante fotocopia de Certificación de servizos prestados, expedida polo organismo oficial no que se presentaron, así como con fotocopia do certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. No caso de autónomos, ademais, mediante a expedición de facturas e contratos, onde se atopen detallados os servizos prestados, así como o xustificante de pago das facturas.

#### **2. Formación complementaria (máximo 3 puntos):**

Valorarase, con un máximo de 3 puntos, a formación vinculada ás tarefas a desempeñar. Os cursos/formacións a valorar terán, alomenos, unha duración igual ou superior a 20 horas lectivas.

Deberán estar en posesión de cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración Pública, estatal, autonómica o local, Universidades, colexios oficiais, institutos ou asociacións, avalados ou financiados con fondos públicos, ata un máximo de 3 puntos, que se computarán da seguinte forma:

- a) De máis de 120 horas de duración: 0,75 puntos + 0,30 por cada 30 horas adicionais ata un máximo de 2 puntos por curso.
- b) De entre 100 e 120 horas de duración: 0,75 puntos por curso.
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,50 puntos por curso.
- d) De entre 20 e 59 horas de duración: 0,25 puntos por curso.

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso ou o número de horas ou de créditos.

### **3. Titulación superior (máximo 2 puntos):**

Valorarase, cun máximo de 2 puntos, calquera outra titulación académica oficial, de nivel igual ou superior ó esixido para acceder ó posto de traballo. Valorarase segundo a seguinte escala :

Por cada titulación de grao, licenciatura ou enxeñería relacionadas co ámbito da educación, social ou medioambiental: 1 punto

Por cada titulación de técnico superior relacionada co medio ambiente, ámbito social ou educativo: 0,5 puntos

### **3. Idiomas (máximo 1 punto):**

Valorarase, con ata 1 punto, o coñecemento do idioma inglés. A tal efecto, valoraranse aqueles coñecementos acreditados por centros oficiais con equivalencia no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), con arreglo á seguinte escala:

Nivel B2: 0,50 puntos

Nivel C1: 0,75 puntos

Nivel C2: 1 punto

### **4. Por coñecementos orais e escritos da lingua galega (máximo 1,5 puntos):**

- a- Estar en posesión do Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA) nivel 4: 0,75 puntos.
- b- Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA), nivel 5: 1,5 puntos.

### **ENTREVISTA PERSOAL (Máximo 2,5 puntos)**

Entrevista persoal, obrigatoria e non eliminatória, valorándose os seguintes aspectos:

- 1) Perfil dos/as candidatos/as.

- 2) Complementos do currículum vitae.
- 3) Idoneidade dos/as candidatos/as para o posto.
- 4) Dispoñibilidade de incorporación.
- 5) Cuestións propias das funcións do posto a desempeñar.

A entrevista faráse de forma individualizada e terá por finalidade obter un mellor coñecemento do perfil do aspirante, gracias á comunicación directa que proporciona e ademais permitirá ó/a candidato/a presentarse ante a organización, argumentar a súa experiencia e tela oportunidade de resolver dúbidas respecto ó posto de traballo ó que aspira.

A duración da entrevista terá unha duración máxima de 10 minutos e xustificase a mesma polas particularidades do posto

#### **DÉCIMA.- CUALIFICACIÓN FINAL.**

Concluído o Concurso, o Tribunal fará pública polos medios indicados o acordo definitivo sobre as cualificacións finais que será a resultante de sumar a puntuación acadada, indicando expresamente a cualificación acadada nos méritos obxecto de valoración no concurso, así como a puntuación obtida na entrevista.

Darase un prazo para solicitar a revisión de tres días naturais, transcorrido este prazo publicarase o resultado definitivo.

As persoas seleccionadas para cada perfil, serán aquelas que acaden a maior puntuación.

#### **DECIMO PRIMEIRA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

Os aspirantes propostos presentarán no Concello de Silleda, dentro do prazo de 3 días hábiles, os orixinais ou copias compulsadas ou copias auténticas dixitalizadas dos documentos acreditativos das condicións para formar parte do proceso selectivo e dos que acreditan os méritos valorados na fase de concurso.

Unha vez acreditados os requisitos esixidos, o órgano de selección elevará ó órgano competente a proposta de contratación a favor das persoas seleccionadas.

Cando por calquera circunstancia, non poida formalizarse a contratación da persoa seleccionada, poderá ser contratado o candidato que, tendo superado o proceso selectivo, figure no posto inmediatamente seguinte na relación elaborada polo órgano de selección. Declararase deserta a convocatoria cando aqueles que concorran a ela non reúnan os requisitos establecidos na mesma, ou non cumpran co preceptivo criterio de idoneidade para a súa contratación.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Funcionamento da Bolsa.**

As persoas que, tendo superado o proceso selectivo, non foran seleccionadas, integrarán unha

lista de reserva para a substitución do persoal seleccionado, por cese voluntario, baixa ou enfermidade, así como para a provisión temporal de postos de traballo de persoal técnico que resulte necesario para a execución de proxectos de carácter similar ó que é obxecto da presente convocatoria.

A bolsa recollerá os seguintes datos dos aspirantes que a formen: nome e apelidos, número de D.N.I., teléfonos de contacto, dirección de correo electrónico e puntuación obtida.

As persoas aspirantes incluídas na Bolsa serán chamadas, en caso de ser necesario, pola orde establecida na mesma.

Unha vez prestado o servizo, pasará a ocupar el último lugar da bolsa, se a duración fose superior a un ano. No caso de ser inferior, poderá ser chamada novamente na mesma orde inicial que teña na bolsa.

A chamada será por teléfono ó número facilitado polo aspirante, que deberá contactar co departamento de persoal no prazo de 24 horas, quedando excluído automaticamente se non comparece.

Realizados tres intentos de contactar co aspirante sen acadalo e unha vez transcorridas as 24 horas dende a última chamada, quedará automaticamente excluído da Bolsa de Traballo, pasando a chamar ó seguinte aspirante pola orde da lista.

Una vez recibida a proposta de nomeamento, a persoa candidata disporá de DOUS DÍAS para comunicar por escrito a súa disposición ou non a aceptar a proposta de nomeamento.

Aquelas persoas integrantes da bolsa ás que se lles ofrezan un nomeamento e non acepten o traballo por causa xustificada, deberán aportar documento que acredite tal situación no prazo de cinco días hábiles.

En caso de ser aceptada tal xustificación, pasarán a ocupar o último lugar da Bolsa de Traballo. A tales efectos consideraranse motivos xustificadas de renuncia, as seguintes circunstancias que deberán ser acreditadas documentalmente polo interesado:

-Estar traballando cando se realice a proposta de contratación, para o que se aportará informe de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

-Padecer enfermidade ou estar en proceso de recuperación de enfermidade ou accidente.

-Estar en algunha situación das seguintes: embarazo, parto ou adopción, acollemento ou enfermidade grave dun familiar, estando contempladas pola normativa en vigor a efectos de permisos ou licencias.

Os aspirantes que non acepten o traballo por causa inxustificada ou non demostren suficientemente a circunstancia anterior, entenderase que renuncian á Bolsa, quedando automaticamente excluídos da mesma.

**DÉCIMO TERCEIRA. Vixencia.**

A presente Bolsa de Emprego terá unha vixencia de tres anos a partir da súa aprobación. Finalizada a súa vixencia, o Concello poderá, mediante resolución motivada, prorrogar a súa duración por un ano máis, se existen razóns que o xustifiquen.

**DÉCIMO CUARTA. Publicidade**

As presentes Bases publicaranse, en extracto, no Boletín Oficial de Pontevedra e integramente no Taboleiro de Edictos deste Concello, na súa sede electrónica e na la páxina web do mesmo.

Os posteriores anuncios que formen parte deste proceso selectivo publicaranse no Taboleiro de Edictos, situado na planta baixa do edificio da Casa Consistorial, e na páxina web deste Concello e na sede electrónica.

**DÉCIMO QUINTA. Recursos**

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía nun prazo dun mes, a contar dende o seguinte día da publicación na páxina web del Concello de Silleda, segundo o disposto nos artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpor no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpor un Recurso Contencioso-Administrativo directamente, nun prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria polos medios expresados no parágrafo anterior, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**ANEXO I.- SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO PARA A SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOCENTES E EDUCADORES AMBIENTAIS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DEZA CIRCULAR COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO. CONCELLO DE SILLEDA**

**Datos** da **persoa** **solicitante:**  
Nome e apelidos:.....

DNI/NIE:.....

**Medio de notificación:** **Electrónica** **Papel**

Lugar/rúa:.....Núm.:.....Andar:.....Port

a:..... Parroquia:.....Código postal:.....

Concello:.....

Provincia:.....Teléfono de contacto.....



Correo electrónico:.....

**EXPOÑO:**

Que son coñecedor/a da convocatoria publicada para SELECCIÓN COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE DOCENTES E EDUCADORES AMBIENTAIS PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DEZA CIRCULAR COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO. CONCELLO DE SILLEDA segundo as bases publicadas no BOP n.º-\_\_\_\_\_.

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Declaro que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Declaro que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente.

Por isto, **SOLICITO:**

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado. Idioma para a realización das probas: Galego Castelán

Documentación:

Copia do DNI

Título esixido

Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuílo (CELGA 3 ou equivalente).

Silleda, .....de..... de 2022 Asdo.:

Sr. ALCALDE DO CONCELLO DE SILLEDA

**Expediente 759/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Bases para a contratación como persoal funcionario interino por execución de programa de carácter temporal de UN socorrista para a prestación das labores de vixilancia e salvamento nas piscinas de Silleda e Bandeira durante a tempada de verán 2022 dentro da campaña denominada "SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022".**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

**Inclusión por urxencia Expediente 759/2022**

Toma a palabra o Sr. Presidente, para explicar a urxencia da proposición incluída na orde do día da presente Xunta de Goberno Local.

De conformidade co disposto no artigo 91.4 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sométese a votación a urxencia da inclusión na orde do día do presente asunto co seguinte resultado:

Votos a favor: unanimidade

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros presentes, ACORDA prestar aprobación a inclusión da presente proposición na orde do día da Xunta de Goberno de data 16 de xuño de 2022.

**Expediente 759/2022. Seleccións de Persoal e Provisións de Postos. Bases para a contratación como persoal funcionario interino por execución de programa de carácter temporal de UN socorrista para a prestación das labores de vixilancia e salvamento nas piscinas de Silleda e Bandeira durante a tempada de verán 2022 dentro da campaña denominada “SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022”.**

Vista a necesidade de contar co servizo dun/unha socorrista , por un prazo de duración de 3 meses, mediante nomeamento como persoal funcionario interino por execución de programa de carácter temporal para a prestación das labores de vixilancia e salvamento nas piscinas de Silleda e Bandeira durante a tempada de verán 2022 dentro da campaña denominada “SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022”., a través do procedemento de selección que se sinala nas bases, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP); a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e demais disposicións de pertinente aplicación.

Vistas a bases que pasan a transcribirse:

**BASES PARA A SELECCIÓN DUNHA PARA O NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DE UN SOCORRISTA DENTRO DA CAMPAÑA DENOMINADA “ SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022 ”**

#### 1.- OBXECTO

O obxecto desta convocatoria é o nomeamento como persoal funcionario interino por execución de programa de carácter temporal de UN socorrista para a prestación das labores de vixilancia e salvamento nas piscinas de Silleda e Bandeira durante a tempada de verán 2022 dentro da campaña denominada “SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022”., a través do procedemento de selección que se sinala nestas bases, de conformidade co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP); a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e demais disposicións

de pertinente aplicación.

## 2.- DURACION E CARACTERISITICAS DO NOMEAMENTO

A prestación das labores de SALVAMENTO E SOCORRISMO nas piscinas de Silleda e Bandeira do durante a tempada de verán de 2022 realizarse a xornada completa, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan.

A prestación dos servizos por parte do socorrista realizarse durante o período comprendido entre o 1 de xullo ao 30 de setembro 2022

As retribucións mensuais brutas, incluída a parte proporcional da paga extra, serán:

S. Base	P. Extra	C.Destino Nivel 16	C. Especific	Base Cot	G.C.	Contig Comunes	AT y EP/ C.O:H	Desempleo Fotasa (no) y Form Prof	Total	Coste total mensual
669,30	201,70	390,85	156,12	1,417,97 €	7	334,64 €	51,05 €	103,51 €	489,20 €	1.907,17 €

Nomearase á persoa seleccionada funcionario/a interino/a por execución de programa de carácter temporal dentro da campaña denominada "SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDADA PARA O VERÁN DE 2022", co subgrupo de clasificación C2, nivel de complemento de destino 16 e o complemento específico correspondente a cada categoría profesional.

A presente convocatoria publicarase íntegra na páxina web do Concello de Silleda([www.silleda.gal](http://www.silleda.gal)), no Taboleiro de Anuncios do Concello, , así como no BOPPO

## 3.- CONDICIONS DOS ASPIRANTES

Para optar ás prazas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser Español/a ou nacional doutro Estado membro da Comunidade Europea, ou nacional dalgún estado no que, en virtude dos tratados internacionais.
- b) Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación.
- c) Estar en posesión do TÍTULO OFICIAL DE SOCORRISTA ACUÁTICO OU TITULACIÓN EQUIVALENTE QUE A ENGLOBE, que se deberá acreditar mediante documentación oficial e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia de conformidade co disposto no Decreto 104/2012, do 16 de marzo. No caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo órgano competente.
- d) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas. Acreditarase mediante declaración xurada.
- e) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración xurada.

f) Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración xurada.

g) Non estar sancionado por causas establecidas na Lei 26/2015 de 28 de xullo, para o que presentará a **Certificación Negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais**.

#### 4.- CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

a) As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo deberán presentar unha instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente (segundo modelo que figura como Anexo I das presentes bases), na que se poña de manifesto que coñece e acepta as presentes bases e reúnen todos e cada un dos requisitos das mesmas, a instancia levará implícita a declaración responsable de non estar inhabilitado para o desempeño de funcións e de non estar incurso en situación de incompatibilidade para prestar servizos na Administración pública Así mesmo acompañará aqueles documentos que se establecen como obrigatorios.

b) O prazo de presentación de solicitudes será de 2 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria no BOPPO. A presentación farase no Rexistro do Concello de Silleda, en horario de 9 a 14 horas en días laborais, ou a través da sede electrónica do Concello.

#### 5.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

a) Solicitud de participación anexas ás Bases

b) Título Oficial de Socorrista Acuático ou equivalente homologado.

c) Acreditación e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas.

d) Certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

e) Fotocopia do DNI

f) Fotocopia do carné de conducir.

g) Certificados correspondentes aos méritos alegados, no seu caso.

h) Declaracións xuradas ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello as listas de admitidos e excluídos coa motivación da exclusión, elevándose á definitiva a lista provisoria de admitidos/as de non existir excluídos/as e outorgarase un día hábil ás persoas excluídas para que no seu caso presenten alegacións. Tras a lista provisoria elevada a definitiva ou a lista definitiva de admitidos, procederase a determinar o día e hora en que se reunirá o Tribunal cualificador para valoración dos méritos dos/as aspirantes admitidos/as e citarase ás persoas aspirantes para a realización do test. (Esta citación non será persoal, publicarase no taboleiro da Sede

electrónica do Concello de Silleda).

## 6.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES. DATA E LUGAR DE CELEBRACIÓN DAS PROBAS.

6.1.- Rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a listaxe provisional de aspirantes admitidos e excluídos, outorgando un prazo de dous (2) días hábiles para emenda ou corrección de documentación, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

Esta resolución publicarase no taboleiro de edictos do Concello e na WEB municipal e será determinante para os efectos de posibles impugnacións e recursos, de conformidade co previsto na lei.

6.2.- Posteriormente, aprobarase a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de edictos do Concello e na páxina WEB. Na mesma resolución quedará determinado o lugar, data e hora de valoración da fase de concurso e da celebración do primeiro exercicio, así como a composición do tribunal cualificador.

6.3.- De non existir aspirantes excluídos/as, elevarase a definitiva a listaxe provisional na mesma resolución de aprobación

## 7.-TRIBUNAL CUALIFICADOR

### 7.1 Composición do Tribunal

Presidente: - Leopoldo Moure Dopico, Interventor Municipal  
Tres vogais: - M<sup>a</sup> Soledad Rey Asorey, persoal laboral do Concello de Silleda  
- José Manuel Espiño Fernández, persoal laboral do Concello de Silleda  
- José Luís García Montoto, persoal laboral do Concello de Silleda  
Secretario - David García Lareo, funcionario do Concello de Silleda

Fixarase no Taboleiro de Edictos do Concello e no taboleiro da Sede electrónica do Concello de Silleda) a listaxe de persoas admitidas, o día e hora en que terán lugar as probas, listaxe de puntuacións, así como calquera tipo de comunicación relacionada co proceso de selección.

### 7.2.- Abstención e recusación.

Os membros dos tribunais deberán absterse de formar parte destes cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, notificándollo á autoridade convocante. As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal de acordo co artigo 24 da antedita lei.

### 7.3.- Constitución e actuación

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

A actuación do tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria. O Tribunal valorará en primeiro lugar o test e unha vez valorado este procederase á valoración do dos méritos presentados polas persoas aspirantes.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para valorar os méritos aportados polos participantes que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

#### 7.4. Vinculación das resolucións do Tribunal.

O presidente da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

De conformidade co, Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido de la Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se producise a renuncia do aspirante seleccionado, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria dos aspirantes que sigan ao proposto, para ou seu posiblenomeamento

### 8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN: CONCURSO-OPOSICIÓN

Primeiro. **FASE OPOSICIÓN** Realización de formulario tipo test de 10 preguntas.

Nesta fase o Tribunal valorará, entre outros, aspectos relacionados coas habilidades e coñecementos do posto de traballo a cubrir. Valorarase ata un máximo de 4 puntos (4,00 puntos).

A obtención dunha puntuación inferior a 2 suporá a eliminación do aspirante do proceso selectivo

Segundo. **FASE DE CONCURSO:** Valoraranse os **méritos** determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polos solicitantes no momento de presentación da instancia para participar neste proceso selectivo. Puntuarase de acordo co seguinte baremo.

a) Formación: Participación en cursos ou xornadas, outorgados por organismos oficiais, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ao que se opta (Máximo de 4,00 puntos).

Cursos de máis de 50 horas.....	0,50 puntos
Cursos de entre 21-49 horas.....	0,25 puntos/curso
Cursos de menos de 20 horas.....	0,10 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

b) Experiencia profesional, ata un máximo de 2 puntos

Por cada mes completo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: 0,10 puntos.

## 9.- LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

9.1 Finalizado o proceso selectivo, remitirase acta da última sesión ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento, sendo proposto o candidato que obteñan maior puntuación. A nome da persoa seleccionada publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello.

De producirse un empate na puntuación final, para dirimilo teranse en conta as puntuacións parciais acadadas no proceso selectivo, pola seguinte orde de preferencia:

- 1º A puntuación obtida na fase de oposición
- 2º A puntuación obtida no apartado a) da fase de concurso
- 3º A puntuación obtida no apartado b) da fase de concurso

9.2 Coas persoas aspirantes que superen as probas pero non figuren incluídas na proposta de nomeamento establecerase unha listaxe de reserva para os efectos de cubrir posibles renuncias ou incidencias que puideran xurdir durante o período ao cal afecta o nomeamento. Os chamamentos que se fagan ás persoas desta lista seguirán a orde rigorosa de puntuación.

9.3 A comisión cualificadora queda facultada para interpretar as presentes bases, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

9.4 A publicidade das actuacións derivadas do proceso selectivo que se regula nestas bases se realizará a través de publicacións no taboleiros de anuncios do Concello e da páxina web do Concello

9.5 A presentación da solicitude de participación no presente proceso selectivo implica a aceptación das presentes bases na súa totalidade.

## 10.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

10.1.- O/a seleccionado/a deberá aportar antes da toma de posesión a seguinte documentación, sempre que non a tivese presentado con anterioridade:

- Título ou documento esixido para participar no proceso selectivo.
- Declaración xurada de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración xurada de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento de toma de posesión.
- Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función.
- Certificado do número de conta bancaria para realizar o ingreso da nómina
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

- Certificación Negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

10.2.- De non presentar a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeado e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incorrer.

#### 11.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Datos de Carácter Persoal, así como no Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento de devandita Lei Orgánica.

#### 12.- RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Silleda a data da sinatura electrónica

#### ANEXO I

Dº./Dª .....  
con D.N.I. n.º....., e domicilio a efectos de notificacións en.....  
C.P. ...., teléfono de contacto..... e enderezo de correo electrónico:.....

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda e desexa participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado **“SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022, PARA POSTO SOCORRISTA NON SUBVENCIONADO”**

Para ese efecto faise constar:

- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na base segunda da convocatoria.
- Que coñece e acepta as bases da convocatoria



Que aporta a seguinte documentación:

- \_ Solicitude de participación anexas ás Bases
- \_ Título Oficial de Socorrista Acuático ou equivalente homologado.
- \_ Acreditación e inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas.
- \_ Certificado negativo do Rexistro Central de Delincentes Sexuais.
- \_ Fotocopia do DNI
- \_ Fotocopia do carné de conducir.
- \_ Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- \_ Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- \_ Declaracións xuradas ás que se refire o apartado 2 das presentes bases.

**SOLICITA:**

Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

En Silleda, a de de 2022

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDA

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Dº./Dª \_\_\_\_\_, con  
D.N.I. nº \_\_\_\_\_, e domicilio a efectos de notificacións en  
\_\_\_\_\_

EXPÓN:

Que participa na convocatoria **“SALVAMENTO E SOCORRISMO PISCINAS DE MUNICIPAIS DE SILLEDA PARA O VERÁN DE 2022, PARA POSTO SOCORRISTA NON SUBVENCIONADO”**

Que por isto, e para poder formalizar o contrato de traballo,

**DECLARA EXPRESAMENTE:**

1º.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

2º.- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao nomeamento de toma de posesión.

3º Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas.

Silleda, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asdo.:

Polo exposto, proponse a Xunta de Goberno Local ao abeiro das atribucións delegadas polo alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019 a adopción do seguinte acordó:

**Primeiro.-** Proceder á convocatoria e aprobar as Bases que a continuación se transcriben, para a selección de **UN SOCORRISTA**, como funcionario interino, por un prazo de duración de 3 meses, a xornada completa para formar parte do Equipo de Salvamento e Socorrismo que atenderá as piscinas municipais de Silleda e A Bandeira nas dúas modalidades de Formación nos Cursos de Natación e de Atención das Piscinas propiamente ditas; con data de inicio prevista 1 de xullo de 2022, mediante a modalidade de concurso-oposición:

**Segundo.-** Trasladar dito acordo á Intervención para o seu coñecemento.

**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**